



Eu caseime por un ano  
por saber que vida era,  
/:e ahor´o ano acabouse:/  
solteiriña quen me dera.

Miña soghra quéreme mal  
porque lle falo co fillo,  
/:heille de mandar de recado:/  
que o gharde no bolsillo.

O moíño de meu pai,  
eu ben lle sei o tempero,  
/:cando está alto beixalo:/  
cando está baixo erghelo.

A criada do cura tén un neno

....

/:Mira Maruxiña, mira,  
como vai-e:/,  
cunha borrachera Maruxiña  
que xa non lle vai-e.

“Dame un bico, Maruxiña,  
heiche de dar un pataco,  
/:non quero bico dos homes:/  
que me cheiran ó tabaco”.